

Grupo de música tradicional

Berros do Castro



PRESENTACIÓN



BERROS DO CASTRO é un grupo de música tradicional formado hai xa máis de dez anos por intérpretes procedentes das máis prestixosas agrupacións folclóricas e etnográficas das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.



O seu repertorio confórmano pezas de música tradicional galega recuperadas de cancioneros antigos, como o "Cancioneiro de Inzenga" ou o "Cancioneiro Castro Sampedro"; traballos de campo; ou pezas procedentes do repertorio de grupos tradicionais de renome en Galicia, entre outros, Raparigos de Ferrol, Os Rosales de Rianxo, ou os Gaiteiros de Soutelo de Montes.



Ao longo da súa traxectoria, o grupo BERROS DO CASTRO presenta un histórico de actuacións moi variado en canto á súa tipoloxía: festas populares e romarías, vodas e cerimoniais relixiosas, festivais musicais celebrados en Galicia e noutras Comunidades Autónomas, actos públicos oficiais, etc.



BERROS DO CASTRO presenta un repertorio flexible e adaptado á tipoloxía da actuación contratada, diferenciando entre un repertorio de escenario, composto por suites e pezas cun maior grao de complexidade, un repertorio para cerimoniais e actos oficiais, e un repertorio específico de pasarrúas e espectáculos en espazos abertos.

TARIFAS

A continuación presentamos a táboa de actuacións coas súas tarifas correspondentes. Estas tarifas están calculadas para actuacións dentro da comarca de Ferrolterra, véndose incrementadas en porcentaxes variables para actuacións fóra do ámbito xeográfico referenciado.



ACTUACIÓN	TARIFA (€)
Cerimonia I: Entrada ou saída	150 €
Cerimonia II: Entrada e saída	180 €
Cerimonia III: Entrada, interior e saída	200 €
Aperitivos	200 €
Cerimonia + Aperitivos	300 €



Consultar dispoñibilidade e prezos para outro tipo de situacións.

